

Editorial CSIC

Guía de boas prácticas das publicacións periódicas e unitarias da Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas

A presente *Guía* de boas prácticas pretende construír un código de conduta dirixido as partes implicadas na xestión e difusión dos resultados científicos nas publicacións periódicas e unitarias do CSIC: equipos, editoriais, autores e revisores dos traballos.

1 Equipos editoriais das publicacións periódicas e unitarias do CSIC

Os Consellos de Redacción das revistas e os Comités Editoriais das coleccións do CSIC (en adiante, “Equipo Editorial”), xunto coa Dirección e a Secretaría son os responsables dos contidos publicados, polo que deben asegurar a súa calidade científica, evitar as malas prácticas na publicación dos resultados das investigacións e xestionar a edición dos traballos recibidos nun tempo razoable.

A xestión das publicacións unitarias de carácter científico fóra de colección corresponde á Dirección da Editorial CSIC, que contará coa asistencia de expertos das diferentes comisións de área do CSIC para solicitar un informe previo, e no seu caso, designar aos avaliadores das propostas, aténdose ao procedemento establecido nesta Guía.

Dita responsabilidade implica observar os seguintes principios:

1.1 *Imparcialidade*

O Equipo editorial deber ser imparcial ao xestionar os traballos propostos para a súa publicación e ten que respectar a independencia intelectual dos autores, aos que se debe recoñecer o dereito a réplica no caso de ter sido avaliados negativamente.

Non se deben excluír os traballos que presentan resultados negativos dunha investigación.

1.2 *Confidencialidade*

As persoas que compoñen o Equipo Editorial teñen a obriga de gardar confidencialidade sobre os textos recibidos e o seu contido, até que sexan aceptados para a súa publicación. Só entón se pode difundir o seu título e a súa autoría.

Da mesma forma, ningún membro do Equipo Editorial pode usar para as súas investigacións datos, argumentos ou interpretacións contidas en traballos inéditos, salvo consentimento expreso por escrito daqueles que os realizaron.

1.3 Revisión dos traballos

O Equipo Editorial ten que asegurar que os traballos de investigación publicados sexan avaliados, polo menos, por dous especialistas na materia, e que dito proceso de revisión sexa xusto e imparcial.

Debe facerse público o método usado na revisión por pares que mellor se adapte á comunidade científica á que se dirixe a revista ou colección: procedemento de *dobre cego* (anonimato dos autores do traballo e dos avaliadores), *cego* (anonimato de quen realiza a avaliación) ou *aberto* (sen anonimato). Cando unha das dúas avaliacións sexa negativa, solicitarase un terceiro informe.

O Equipo Editorial debe sopesar o rexeitamento dun autor ou autora a ser avaliado por determinados especialistas (no caso de que a avaliación non sexa anónima), se os motivos alegados se consideran razoables. O Equipo Editorial non ten a obriga de prescindir deses especialistas se considera que as súas opinións son fundamentais para a correcta avaliación do traballo.

As persoas que sometan un traballo a avaliación poderán propor os nomes de até tres especialistas para a dita tarefa. O Equipo editorial resérvase a decisión de aceptar ou non esta proposta, sen que estea obrigado a comunicar a decisión.

O Equipo Editorial debe asegurarse da orixinalidade e do carácter inédito das obras recibidas, e ten que garantir que no proceso de avaliación se vixen igualmente eses aspectos e se detecten o plaxio, o auto plaxio e a publicación redundante ou duplicada, entendidos como a copia total, parcial ou alterada dun traballo publicado polo mesmo autor para facelo parecer diferente, así como os datos falsificados ou manipulados. Ademais, indicaranse claramente os contidos que están suxeitos a revisión por pares.

O Equipo Editorial debe valorar e agradecer a contribución daqueles que colaboraran nas avaliacións dos traballos remitidos á revista ou colección. Da mesma forma, promoverá que as autoridades académicas recoñezan as actividades de revisión por pares como parte do proceso científico e debe prescindir que quen realice avaliacións de baixa calidade, incorrectas, irrespectuosas ou entregadas fóra dos prazos establecidos.

1.4 Aceptación ou rexeitamento de manuscritos

A responsabilidade de aceptar ou rexeitar un traballo para a súa publicación recae no Equipo Editorial, que se debe fundamentar nos informes recibidos. Estes informes deberán razoar o seu ditame sobre a calidade dos traballos na súa relevancia, orixinalidade e claridade de exposición.

O Equipo editorial pode rexeitar os traballos recibidos, sen acudir a un proceso de consulta externa, se os considera inadecuados por carecer do esixible nivel de calidade, por falta de adecuación aos obxectivos científicos da revista ou colección, ou por presentar evidencias de fraude científico.

1.5 Desautorización de artigos publicados en revistas e noticia de irregularidade

O Equipo editorial resérvase o dereito de desautorizar aqueles artigos xa publicados cuxa falta de fiabilidade se determine posteriormente como resultado tanto de erros involuntarios como de fraudes ou malas prácticas científicas: fabricación, manipulación ou copia de datos, plaxio e auto plaxio de textos e publicación redundante ou duplicada, omisión de referencias a fontes consultadas, uso de contidos sen permiso ou sen xustificación, etc. O obxectivo que guía a desautorización é corrixir a produción científica xa publicada, asegurando a súa integridade.

O conflito de duplicidade, causado pola publicación simultánea dun artigo en dúas revistas, resolverase determinando a data de recepción do traballo en cada unha delas.

Se só unha parte do artigo contén algún erro, este pódese rectificar posteriormente por medio dunha nota editorial ou unha fe de erratas

No caso de conflito, a revista solicitará ao autor ou autores as explicacións e probas pertinentes para aclaralo, e tomará unha decisión final fundamentada nestas.

A revista publicará obrigatoriamente, nas súas versións impresa e electrónica, a noticia sobre a desautorización dun determinado texto e nela deben ser mencionadas as razóns para tal medida, coa finalidade de distinguir a mala práctica do erro involuntario. Da mesma forma a revista notificará a desautorización aos responsables da institución á que pertenza o autor ou autores do artigo. A decisión de desautorizar un texto debe adoptarse o antes posible, co obxecto de que dito traballo erróneo non sexa citado no seu campo de investigación.

Os artigos desautorizados conservaranse na edición electrónica das revistas, advertindo de forma clara e inequívoca de que é un artigo desautorizado, para distinguilo doutras correccións ou comentarios. Na edición impresa farase constar a desautorización coa maior brevidade a través dun editorial ou dunha comunicación, nos mesmos termos en que se faga na versión electrónica.

Como paso previo á desautorización definitiva dun artigo, a revista poderá emitir unha noticia de irregularidade, fornecendo a información necesaria nos mesmos termos que no caso dunha desautorización. A noticia de irregularidade manterase no tempo mínimo necesario, e concluirá coa súa retirada ou coa desautorización formal dun artigo.

1.6 Desautorización de monografías publicadas e noticia de irregularidade

Os motivos e o procedemento de desautorización dunha monografía serán os mesmos que os descritos nos parágrafos primeiro a cuarto do apartado 1.5.

A Editorial CSIC emitirá as notificacións e os comunicados pertinentes, reservándose o dereito de exercer as accións legais que lle correspondan e a retirar o título do seu catálogo oficial.

1.7 Aplicación da Norma Reguladora das Publicacións do CSIC

A persoa que exerce a Dirección da revista ou coleccións é responsable de que se aplique correctamente a Norma que regula o funcionamento do Equipo Editorial e garantirá que os seus membros a coñezan. Estas funcións son: fomentar e representar á revista ou colección nos distintos foros; suxerir e apoiar posibles melloras; conseguir as colaboracións de especialistas de referencia na materia; revisar, nunha primeira avaliación, os traballos que se reciben; escribir editoriais, revisións, comentarios, noticias, recensións, etc.; asistir ás reunións do Equipo Editorial.

1.8 Normas de Autor

As normas de presentación de orixinais de cada revista ou colección (referentes ás características da obra, o formato e resolución das imaxes, o sistema para as referencias bibliográficas, etc.) deberán ser públicas.

1.9 Conflito de intereses

O conflito de intereses xorde cando un traballo recibido na revista ou colección está firmado, entre outras posibles situacións, por unha persoa que forma parte do Equipo Editorial, por quen ten relación persoal ou profesional directa, ou por quen está estreitamente relacionado coa investigación pasada ou presente de quen o integre. En concreto, os membros do equipo editorial deberán absterse na xestión dun orixinal cando incorran nalgunha destas ou similares situacións:

- ter relación de parentesco,
- presentar amizade ou inimidade manifesta,
- formar parte do mesmo grupo de investigación,
- participar ou ter participado na dirección ou co-dirección dunha tese de doutoramento nos últimos 10 anos,
- ter defendido unha tese de doutoramento baixo a dirección ou co-dirección do autor ou autores nos últimos 10 anos,
- colaborar ou ter colaborado en publicacións ou patentes nos últimos 5 anos,
- colaborar noutras actividades económicas ou científico-tecnolóxicas,
- ter relación contractual ou compartir fondos ou proxectos de investigación nacionais ou internacionais, de entidades públicas ou privadas, ou de calquera natureza, nos últimos 3 anos.

O Equipo Editorial absterase de seleccionar avaliadores que se encontren ou poidan encontrarse afectados por algunha destas situacións. Cando a avaliación se efectúe polo método cego, mantendo unicamente o anonimato do avaliador, o Equipo Editorial incluírá os motivos de abstención no formulario de avaliación, de maneira que o avaliador teña oportunidade de coñecerlos e, no seu caso, absterse.

2 Autoría dos artigos e monografías do CSIC

Os autores dos textos enviados para a súa publicación nas revistas ou coleccións do CSIC son os primeiros responsables do seu contido, polo que están obrigados a aplicar unha norma

ética destinada a asegurar a súa orixinalidade e debida atribución de autoría, entre outros aspectos. O comportamento inadecuado poderá dar lugar á desautorización de contidos publicados, segundo se establece nos apartados 1.5 e 1.6 desta Guía.

Ademais da súa valoración ética, unha conduta inadecuada pode dar lugar á vulneración de dereitos propios ou de terceiros, polo que a Editorial CSIC resérvase o dereito a exercer as accións legais que lle correspondan.

2.1 Normas de publicación

Os textos presentados para a súa publicación han de ser froito dunha investigación orixinal e inédita. Incluirán os datos obtidos e utilizados, así como unha discusión obxectiva dos seus resultados. Aportarán a información suficiente para que calquera especialista poida reproducir as investigacións realizadas e confirmar ou refutar as interpretacións defendidas no traballo.

Os autores deberán referir adecuadamente a procedencia das ideas ou frases literais tomadas doutros traballos xa publicados da forma que se indique na normativa da revista ou colección.

Cando se inclúan imaxes como parte da investigación, deberase explicar convenientemente como se crearon ou obtiveron, sempre e cando sexa necesario para a súa comprensión. No caso de reproducir total ou parcialmente material gráfico (figuras, fotos, mapas, etc.) previamente publicado, será citada a súa procedencia, achegando os permisos de reprodución pertinentes se fose necesario.

Debe ser evitada a fragmentación innecesaria dos artigos da revista. Se é un traballo moi extenso, pode ser publicado en varias partes, de maneira que cada unha desenvolva un aspecto determinado do estudo xeral. Os diferentes traballos relacionados deberán ser publicados na mesma revista para facilitar a súa interpretación por parte dos lectores.

2.2 Orixinalidade e plaxio

Os autores deben asegurar que os datos e resultados expostos no traballo son orixinais e non foron copiados, inventados, deformados ou manipulados.

O plaxio en todas as súas formas, o auto plaxio, a publicación múltiple ou redundante, así como a invención ou manipulación de datos constitúen faltas graves de ética e considéranse fraudes científicos.

Os autores non enviarán a unha revista ou colección CSIC orixinais que previamente sexan sometidos a consideración por outro editor, nin enviarán ese orixinal a outro editor mentres non reciba notificación do seu rexeitamento ou o retire voluntariamente. No entanto, é admisible publicar un traballo que amplíe outro xa aparecido como nota breve, comunicación ou resumo nas actas dun congreso, sempre que se cite adecuadamente o texto no que se fundamenta e que as modificacións supoñan unha variación substancial do xa publicado.

Tamén son aceptables as publicacións secundarias se se dirixen a lectores totalmente diferentes; por exemplo, se a obra se publica en diferentes idiomas ou se hai unha versión para especialistas fronte a outra dirixida ao público en xeral. Estas circunstancias deberán ser especificadas e a publicación orixinal será citada adecuadamente.

2.3 Autoría do traballo

No caso de autoría múltiple, quen figure como responsable da obra debe garantir o recoñecemento daqueles que contribuíran de forma significativa na concepción, planificación, deseño, execución, obtención de datos, interpretación e discusión dos resultados do traballo; en calquera caso todas as persoas que o asinan comparten a responsabilidade do traballo presentado. Así mesmo, quen actúa como responsable e persoa de contacto debe asegurar que os asinantes revisan e aproban a versión final do traballo e dan o seu visto bo para a súa posible publicación.

A persoa responsable da obra debe asegurar que non se omitiu ningunha das firmas responsables do traballo, nin engadido outras que non o sexan, e que cumpre así os mencionados criterios de coautoría, evitando a autoría ficticia ou *regalada*, que constitúe unha mala práctica científica.

Da mesma forma, debe recoñecerse de xeito adecuado, a modo de agradecemento, a contribución doutras persoas que non figuren como asinantes nin sexan responsables da versión final do traballo.

Se o Equipo Editorial o considera necesario ou os asinantes da obra o solicitan, na versión publicada será descrita de forma breve a contribución individual de cada integrante do grupo asinante ao traballo colectivo.

2.4 Fontes de información e financiamento

No texto do traballo deberán recollese as publicacións que influíran na investigación, polo que se debe identificar e citar na bibliografía as fontes orixinais en que se fundamenta a información contida no seu traballo. Non obstante, non se incluírán citas irrelevantes ou referidas a exemplos parecidos, e non debe abusarse das mencións a investigacións xa asentadas no corpus do coñecemento científico.

Os autores non deben utilizar a información obtida privadamente a través de conversas, correspondencia ou a partir dalgún debate con colegas na materia, a non ser que contén co permiso explícito, por escrito, da súa fonte de información e dita información sexa recibida nun contexto de asesoramento científico.

Na publicación indicárase obrigatoriamente, de forma clara e concisa, todas as fontes de financiamento, e o código de identificación dese financiamento, cando exista. Esta información figurará na obra publicada.

2.5 Erros significativos en traballos publicados

Cando un autor descubra un erro grave no seu traballo ten a obriga de comunicalo aos responsables da revista ou colección o antes posible, para modificar a súa obra, retractarse ou publicar unha corrección ou fe de erratas.

Se o posible erro é detectado por calquera dos membros do Equipo Editorial, os autores están obrigados a demostrar que o seu traballo é correcto.

O proceso de resolución destes conflitos é descrito nos apartados 1.5 e 1.6.

2.6 Conflito de intereses

Cando exista calquera vínculo comercial, financeiro ou persoal que poida afectar aos resultados e ás conclusións do seu traballo, o texto da obra deberá ir acompañado dunha declaración na que consten estas circunstancias, que figurará na versión publicada da obra.

3 A avaliación de artigos de revistas científicas e monografías

As persoas que participan na avaliación desempeñan un papel esencial no proceso que garante a calidade da publicación. Asisten aos Equipos Editoriais de revistas e coleccións na toma de decisións editoriais, axudan na mellora das obras publicadas e achegan unha garantía de acreditación científica.

3.1 Confidencialidade

Quen realice unha avaliación debe considerar o traballo que revisa como un documento confidencial até a súa publicación, tanto no transcurso do proceso de revisión como despois deste.

En ningún caso poderá ser difundida nin usada a información, detalles, argumentos ou interpretacións contidos no texto obxecto da revisión para o seu propio beneficio ou o de outras persoas, nin para prexudicar a terceiros. Unicamente en casos especiais pode ser solicitado o asesoramento doutros especialistas na materia, circunstancia da que se debe informar á Dirección da revista ou colección.

3.2 Obxectividade

Quen realice unha avaliación debe xulgar obxectivamente a calidade do traballo completo, é dicir, incluíndo a información sobre a que se fundamenta a hipótese de traballo, os datos teóricos e experimentais e a súa interpretación, sen descoidar a presentación e a redacción do texto.

Así mesmo, debe concretar as súas críticas, e ser obxectivo e construtivo nos seus comentarios. Debe argumentar adecuadamente os seus xuízos, sen adoptar posturas hostís e respectando a independencia intelectual de quen elaborase o traballo.

Quen realice unha avaliación debe advertir a quen lla encargase de calquera similitude relevante entre o traballo sometido a avaliación e outra obra publicada ou en proceso de avaliación noutra publicación da que teña coñecemento. Igualmente, deberá chamar a atención sobre textos ou datos plaxiados doutros ou do propio autor ou autores da obra avaliada, ou sobre a sospeita ou certeza de que son falsificados, inventados ou manipulados.

3.3 Rapidez de resposta

Quen realice unha avaliación debe actuar con celeridade e entregar o seu informe no tempo acordado, polo que notificará á Dirección da revista ou colección os posibles atrasos.

Se quen realiza unha avaliación non se considera capaz de vulgar o traballo encargado, ou estima que non pode cumprir a súa tarefa no prazo acordado, deberá comunicalo o antes posible á Dirección da revista ou colección.

3.4 Recoñecemento das fontes de información

Quen realice unha avaliación debe comprobar que son citados os traballos relevantes xa publicados sobre o tema. Con ese obxectivo revisará a bibliografía recollida no texto, suxerindo a eliminación de referencias superfluas ou redundantes, ou a incorporación doutras non citadas.

3.5 Conflito de intereses

Quen realice unha avaliación debe rexeitar a revisión dun traballo cando sospeite ou coñeza que se encontra incluído nalgunhas das situacións que poden afectar ao seu xuízo sobre dito traballo, descritas no apartado 1.9 desta Guía.

Poden xurdir igualmente conflitos de interese cando o traballo por avaliar está estreitamente relacionado co que o avaliador está desenvolvendo nese momento ou co que xa publicara. Nestes casos, ante a dúbida, debe renunciar á tarefa encomendada e devolver o traballo ao equipo editorial, sinalando os motivos para tal decisión.

Fontes consultadas:

- [Best Practices for Peer Review](#). Association of American University Presses (AAUP), 2016.
- [Código de buenas prácticas científicas del CSIC](#). CSIC, Madrid, 2010.
- [Código de buenas prácticas científicas del CSIC. Anexo I: la responsabilidad de los autores en publicaciones multidisciplinares](#). CSIC, Madrid, 2010.
- [Declaración Nacional sobre Integridad Científica](#). COCE, CRUE, CSIC, Madrid, 2015.
- [Directrices. European Association of Science Editors \(EASE\)](#)
- [Guidelines](#). Committee on Publication Ethics (COPE).
- [Manual de Conflictos de Intereses del CSIC](#). CSIC, Madrid, 2015.
- [Norma Reguladora de las Publicaciones del CSIC](#). CSIC, Madrid, 2012.